



**UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

**FACULTADE DE CIENCIAS DA SAÚDE**

**GRAO EN TERAPIA OCUPACIONAL**

Curso académico 2013 – 2014

TRABALLO DE FIN DE GRAO

**Estudo fenomenolóxico na vivencia dunha  
ocupación: o marisqueo a pé**

**Rebeca Ventoso González**

**19 de xuño de 2014**

**DIRECTORAS**

María Vanessa García Crespo

Bárbara Mansilla Barreiro

## Índice

Resumo .....	4
Resumen .....	5
Abstract.....	6
1. Antecedentes e estado actual do tema .....	7
1.1. O marisqueo .....	7
1.2. A normativa do marisqueo a pé .....	8
1.3. Análise desde a terapia ocupacional e xustificación .....	10
2. Bibliografía .....	16
3. Premisa do estudo e obxectivos.....	22
4. Metodoloxía.....	23
4.1. Tipo de estudo .....	23
4.2. Ámbito de estudo .....	23
4.3. Procura bibliográfica .....	24
4.4. Perfil de informantes .....	25
4.5. Entrada ao campo .....	26
4.6. Recollida dos datos .....	26
4.7. Plan de análise .....	27
4.8. Rigor metodolóxico .....	27
4.9. Aplicabilidade.....	28
4.10. Limitacións do estudo.....	28
5. Aspectos éticos .....	29
6. Plan de traballo .....	30
7. Plan de difusión dos resultados.....	31
8. Financiamento da investigación .....	32
8.1. Recursos necesarios .....	32
8.2. Posibles fontes de investigación.....	34
Apéndices .....	35

## Resumo

Introdución: na Comunidade Autónoma de Galicia as actividades profesionais relacionadas co mar, neste caso o marisqueo a pé, posúen unha especial transcendencia xa que representan en determinadas zonas costeiras un verdadeiro motor de desenvolvemento económico e social, ademais de constituír un importante soporte do noso acervo cultural. Polo tanto, a ocupación do marisqueo a pé outorga sentido e significado para a xente que desempeña este traballo. Así, este estudo fundaméntase en explorar como esta ocupación do mar vai en beneficio ou prexuízo do benestar dos seus traballadores.

Obxectivo: ten como obxectivo xeral explorar a percepción das/os mariscadoras/es a pé sobre a súa ocupación laboral en relación co seu benestar.

Metodoloxía: o estudo acometerase desde un enfoque cualitativo, baixo o deseño fenomenolóxico e adoptando como técnica conversacional a entrevista semiestruturada. As anteditas entrevistas realizaránselles ás/aos mariscadoras/es pertencentes á confraría de Noia, as/os cales traballan na Ría de Muros e Noia onde se asentan importantes bancos marisqueiros.

Palabras chave: mariscadoras/es a pé, ocupación laboral, significado, vivencia, benestar, terapia ocupacional.

## Resumen

Introducción: en la Comunidad Autónoma de Galicia las actividades profesionales relacionadas con el mar, en este caso el marisqueo a pie, poseen una especial trascendencia ya que representan en determinadas zonas costeras un verdadero motor de desarrollo económico y social, además de constituir un importante soporte de nuestra cultura. Por lo tanto, esta ocupación laboral otorga sentido y significado para la gente que desempeña este trabajo. Así, este estudio se fundamenta en explorar las vivencias de las/os mariscadoras/es y así conocer cómo esta ocupación del mar va en beneficio o perjuicio del bienestar de sus trabajadores.

Objetivo: tiene como objetivo general explorar la percepción de las/os mariscadoras/es a pie sobre su ocupación laboral en relación a su bienestar.

Metodología: el estudio se abordará desde un enfoque cualitativo, basado en el diseño fenomenológico y adoptando como técnica conversacional la entrevista semiestructurada. Dichas entrevistas se realizarán a las/os mariscadoras/es pertenecientes a la cofradía de Noia, las/os cuales trabajan en la Ría de Muros y Noia donde se asientan importantes bancos marisqueros.

Palabras clave: mariscadoras/es a pie, ocupación laboral, significado, vivencia, bienestar, terapia ocupacional.

## **Abstract**

Introduction: In Galicia sea based professions, in this case shellfishing on foot, have a special transcendence as in some costal areas they are the driving force of the local social and economic development as well a being a cultural building block. Therefore this profession holds a vast significance and sentiment for those who work in this field. For this reason this study is based on the experiences of those who work in shellfishing and through this learn how this sea based occupation benefits or harms the welfare of its workers.

Goal: The main goal is to explore how those who work in the shellfishing industry perceive the correlation between their work and their welfare.

Method: The study has a qualitative focus based on a phenomenological design and adopting as a technique a semi structural conversational interview.

Said interviews were carried out with those who work in shellfishing in Noia in the estuary of Muros and Noia where there is a vast concentration of shellfishing.

Key words: shellfishing on foot, professional occupation, significance, experience, welfare, occupational therapy.


## 1. Antecedentes e estado actual do tema

### 1.1. O marisqueo

Os moitos quilómetros de costa, os grandes areas e as numerosas rías fan de Galicia unha comunidade que está vinculada ao mar. O mar non só forma parte da identidade do pobo galego, para moitas das súas xentes supón un medio de vida<sup>1</sup>. Por iso o sector pesqueiro de Galicia – considerando a pesca extractiva, o marisqueo, a miticultura e outras formas de acuicultura– é o quinto sector en valor da produción económica galega<sup>2</sup>.

Este proxecto centrase no sector pesqueiro do marisqueo a pé, por ser unha profesión con características peculiares que nos últimos anos está a vivir grandes cambios, culturais, técnicos, sociais, económicos e políticos, pasando de ser unha actividade marxinal a converterse na actualidade na principal fonte de ingresos de 3903 persoas<sup>3</sup>. Destas, un 56,83% atópase na provincia de Pontevedra, un 41,74% en A Coruña e o 1,43% restante en Lugo<sup>4</sup>.

O Gráfico 1, representa a porcentaxe de persoas, en grupos de idade, que ten concedido o permiso de extracción do marisqueo<sup>5</sup> en Galicia.



**Gráfico 1. Idade das/os mariscadoras/es a pé. Fonte: Elaboración propia a partir do Instituto Galego de Estatística**

O marisqueo a pé é unha actividade artesá que consiste na captura de moluscos na costa areosa ou en rocha sen embarcación<sup>6</sup>. Desde antano ata a actualidade o desempeño desta ocupación laboral caracterizouse por un predominio maioritario da muller; datos actuais amosan que 3.293 son mulleres mentres tan só uns 610 son homes<sup>3</sup>. Estas cifras corroboran que na pesca galega o papel feminino é fundamental para moitas actividades do sector<sup>7,8</sup>.

## **1.2. A normativa do marisqueo a pé**

Ata o ano 1990 o marisqueo a pé era unha actividade económica complementaria á economía doméstica ou ao desempeño doutros traballos. Ata daquela había unha escasa capacitación profesional e tecnolóxica, ausencia de investimento, furtivismo e un forte carácter individual que orixinaba unha deficiente comercialización e unha orientación da actividade exclusivamente extractiva. Así mesmo, existía unha gran desorganización do colectivo estando a comercialización do marisco exclusivamente en mans de compradores sen que as mariscadoras tivesen capacidade ningunha de negociación sobre o prezo do marisco<sup>9</sup>.

Ante esta situación a Consellería de Pesca emprende o reto do deseño da Política Pesqueira, a cal ten como prioridade a modernización do sector do marisqueo<sup>10</sup>. Para poder acadar esta meta foi imprescindible contar cos profesionais do mar, polo que, no ano 1995, en Vilagarcía de Arousa, se leva a cabo o I Encontro de Mulleres Mariscadoras<sup>10</sup>.

A raíz deste encontro, a Consellería pon en marcha o Programa da Muller Mariscadora en Galicia: Formación e Asesoramento<sup>10</sup>. Este plan de formación outórgalle importancia á organización, cooperación, aos criterios de calidade e comercialización, así como aos criterios biolóxicos básicos dos recursos; tamén á introdución ao cambio cultural, ao semicultivo, á autoxestión e ao incremento da estima. En grandes liñas, pretendíase unha transformación do sector a través da conversión do



marisqueo a pé nunha actividade profesional cunha autonomía financeira, técnica e de xestión das entidades asociativas das mariscadoras<sup>9</sup>.

Este programa tivo un éxito sen precedente no sector en Galicia, supuxo un cambio de mentalidade e de actitude das/os mariscadoras/es. A partir dese momento o desempeño destas/es centrouse, ademais da extracción, noutras actividades que contribuíron á especialización do seu traballo e a converter o marisqueo na principal fonte de rendas das profesionais<sup>10</sup>. Na actualidade, o tipo de tarefa repártese do seguinte xeito: o extractivo a pé o 59%, a vixiar 16%, limpeza e semicultivo 8%, reunión 5%, formación 3% e outras tarefas como os rareos, os desdobrementos e as sementeiras o 8%<sup>6</sup>.

Aos cambios acontecidos de 1990 sucederon os de 2000, onde desde a Administración se establece como requisito obrigatorio para renovar o permiso de explotación para exercer a actividade marisqueira (permex) estar dado de alta na Seguridade Social<sup>11</sup>. Así hai tan só 14 anos que as/os mariscadoras/es comezaron a cotizar, feito que provocou que moitas mulleres de idade avanzada non dispuxesen de tempo suficiente para cotizar o período mínimo antes de cumprir a idade de xubilación. Ante esta situación o *Decreto 48/2013, do 7 de marzo*<sup>12</sup>, establece que: *“os titulares do carné de mariscador que, cumprida a idade esixida para ter dereito a pensión de xubilación, na súa modalidade contributiva, non puidesen xubilarse por non alcanzar o período de cotización mínimo requirido, poderán obter, excepcionalmente e tras xustificalo, as revalidacións do permiso de explotación necesarias para poder alcanzar a antedita carencia”*<sup>12</sup>. Por tanto, na actualidade atopámonos cun colectivo de idade media-avanzada que está desempeñando unha actividade laboral nunhas condicións en moitas ocasións prexudicial para a saúde.

Esta andaina pola ocupación do marisqueo a pé pon de manifesto a necesidade de afondar en como viviron e viven na actualidade as/os mariscadoras/es a pé a súa profesión en relación co seu benestar, onde

prácticas ancestrais definidas por unha cultura artesá están sendo transformadas para poder competir no mercado.

En grandes liñas, todos estes cambios orixinaron que o marisqueo a pé sexa visto na actualidade como un sector en que hai que actuar, cunhas necesidades especiais onde pasiño a pasiño se vaian consolidando melloras deste colectivo. Así no ano 2012 o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) levou a cabo o Estudo epidemiolóxico no marisqueo a pé<sup>13</sup>, onde se identificaron diversos riscos asociados a esta profesión, moitos deles debido ao tipo de ferramentas que usan. En 2013 iniciouse o Proxecto Saúde<sup>14</sup> que tiña como obxectivo a creación de nova indumentaria que mellorase as condicións de traballo das/os mariscadoras/es.

Non obstante a pesar de que esta ocupación laboral nos últimos anos está no foco de interese de diversas entidades, faise necesario coñecer en profundidade como é a vivencia e o sentir destas/es profesionais do marisqueo no seu desempeño, pois son os principais protagonistas desta realidade e como se puido comprobar nun pasado, son a peza clave para que se poidan ir tecendo redes na mellora do benestar deste colectivo.

### **1.3. Análise desde a terapia ocupacional e xustificación**

A ocupación laboral do marisqueo a pé é unha profesión do mar que ten unhas características que fan dela unha actividade singular e con unha grande historia ás súas costas. As/os mariscadoras/es en poucos anos superaron moitos retos, metas que conseguiron grazas ós recursos destinados a formación para que as/os traballadoras/es do mar cresen nas súas capacidades, potenciasen as súas fortalezas, lle desen valor á forza colectiva e á creación de redes. Todas estes conceptos citados gardan unha certa unión coa terapia ocupacional, onde desde unha

filosofía holística e comunitaria da profesión se persegue que os terapeutas abran novos camiños de actuación e poidan así responder ás demandas e necesidades das comunidades e poboacións<sup>15</sup>. Polo que os terapeutas ocupacionais deben traballar no coñecemento das comunidades, neste caso a comunidade de profesionais do mar, onde se realice unha análise previa da súa situación, se identifiquen as súas necesidades, os recursos dispoñibles, se creen redes e o máis importante, se traballe cos verdadeiros protagonistas, coas/cos mariscadoras/es<sup>16</sup>.

O presente proxecto nace desta filosofía, onde se persegue coñecer o sentir e a vivencia das/os mariscadoras/es a pé no desempeño do seu traballo, para así poder abrir novas liñas de investigación que se centren en crear e deseñar programas que sigan traballando polo benestar deste colectivo. Polo tanto este estudo é un paso previo a futuras investigacións, onde se pretende coñecer a percepción que teñen os seus traballadores sobre a súa ocupación laboral en relación co seu benestar.

Cando se fala de crear programas que melloren o benestar deste colectivo non só se refire a un benestar físico, senón a aquel que se entende como “ estado vital dunha persoa caracterizado por estar satisfeito coa propia vida, experimentar con frecuencia emocións positivas e gozar dunha saúde física e psíquica axustada ás propias expectativas”<sup>17</sup>. Polo tanto cando nomeamos o benestar facemos alusión ao benestar físico, mental e social, os cales non se poden separar, son parte dun sistema integrado que inflúe en como se sente a persoa, asociados á capacidade das persoas de desenvolver ocupacións socialmente valoradas<sup>18</sup>. Partindo da definición que Clark deu sobre ocupación, podemos referir a esta como aquelas unidades de actividade que cultural e persoalmente son significativas, en que os humanos participan e que poden ser nomeados no léxico dunha cultura<sup>19</sup>.

A ocupación do marisqueo a pé foi ata fai uns anos unha actividade marxinal que socialmente non estaba valorada, onde as mulleres acudían á praia a traballar para contribuír na economía dos seus fogares. Este traballo social e legalmente non estaba valorado. Era así unha actividade artesá envolta nun marco cultural que se herdaba de nais a fillas. Isto provocou que durante anos as traballadoras do mar estivesen desprotexidas e illadas á realidade dos beneficios que lle podía proporcionar desempeñar este oficio. Hai tan só uns catorce anos está situación comezou a cambiar, agora esta ocupación comeza a ser valorada, a súa xente está concienciada do poder de cambio onde a través da formación e mellora da súa autoestima están traballando conxuntamente para que a súa profesión sexa recoñecida como tal e poidan loitar polos seus dereitos. Non obstante, analizando a bibliografía actual apoiámonos no suposto de que determinados factores arredor desta profesión poderían estar afectando ao benestar destas/es traballadoras/es: predominio de traballadoras/es de idade avanzada<sup>5</sup>, o pouco tempo que é considerada como unha actividade profesional principal<sup>9</sup>, que fai catorce anos que se implantou como obrigatorio estar dado de alta na Seguridade Social provocando que moitas mulleres de máis de 67 anos teñan que estar actualmente a traballar no mar<sup>11</sup>, determinados riscos para a saúde derivados das condicións de traballo<sup>13</sup> e os cambios culturais producidos coa modernización do marisqueo a pé<sup>10</sup>.

Tendo en consideración que o marisqueo a pé é unha ocupación que co transcurso dos anos foi evolucionando e adquirindo distinto valor xustifícase así a necesidade de coñecer o desempeño ocupacional das/os mariscadoras/es. Por desempeño ocupacional enténdese “ a capacidade de elixir, organizar e desempeñar de maneira satisfactoria ocupacións significativas definidas pola cultura e adecuadas á idade para o autocoidado, gozo da vida e para contribuír ao sosten social e económico da comunidade”<sup>20</sup>. Este achego ó desempeño ocupacional permite: indagar como é esta ocupación laboral, identificar o contorno que rodea a

esta ocupación e a esencia do propio traballador que a desempeña; ambos están intimamente relacionados, e esta relación inflúe no benestar autopercibido das persoas. Recoñécese que os problemas do desempeño ocupacional poden orixinarse por un desaxuste entre o suxeito, o contorno e a ocupación. Calquera cambio na interacción entre algún destes compoñentes afecta ás outras partes e, en consecuencia, ao desempeño<sup>20</sup>. Polo tanto, para profundar no desempeño ocupacional é importante ter en conta estes tres compoñentes: o contorno do marisqueo, “contextos e situacións que teñen lugar fóra dos suxeitos e que provocan a súa resposta”<sup>20</sup>, dimensións institucionais, organizativas, políticas, sociais, económicas, culturais arredor do marisqueo a pé; o suxeito, é dicir, os propios traballadores, xa que cada relato da súa vivencia suporá unha información imprescindible que nos permitirá achegarnos á súa realidade e coñecer a ocupación do marisqueo no seu conxunto, o terceiro dos compoñentes citados. Gran parte desta concepción está fundamentada no Modelo Canadense do Desempeño Ocupacional, onde se apoia en que “ os clientes teñen o coñecemento incomparable das súas vidas ocupacionais e, por tanto, coñecen as súas necesidades mellor que ninguén”<sup>20,21</sup>. Na práctica deste modelo requírese que o terapeuta ocupacional recoñeza factores contextuais de tipo económico, político, social ou doutro tipo e que poida influír sobre o desempeño ocupacional<sup>20</sup>. Tendo en conta esta premisa, a literatura revisada sobre o marisqueo a pé centrouse en obter documentación acerca desta ocupación<sup>3,12,14</sup>, así como un maior coñecemento dos factores contextuais<sup>1,2,6,7,9,10,11,13,22,23,24</sup>.

Tomando como referencia esta bibliografía obtida sobre o marisqueo no noso país, faise evidente a ausencia de estudos que traten este fenómeno desde a realidade e percepción dos seus traballadores. Pola contra, fóra do país, existe literatura<sup>25,26,27,28,29,30,31</sup> onde as vivencias e o relato en primeira persoa se teñen en consideración para así, desde a narrativa dos seus traballadores, inquirir as súas necesidades para posteriormente poder traballar nelas. Ante este panorama, neste traballo

avógase por involucrar as/os mariscadoras/es no proceso de mellora do seu benestar, tendo en conta o seu relato como o antecedente para calquera acción. Esta concepción está xustificada na Carta de OTTAWA para a Promoción da Saúde, onde se recoñece que “para alcanzar un estado adecuado de benestar físico, mental e social un individuo ou grupo debe ser capaz de identificar e realizar as súas aspiracións, satisfacer as súas necesidades e de cambiar ou adaptarse ao medio ambiente”<sup>32</sup>. Así mesmo tamén se recoñece “ que os cambios de formas de vida, de traballo e de ocio afectan de forma moi significativa á saúde”<sup>32</sup>.

Ademais de ampararnos na Carta de OTTAWA, neste estudo preténdense levar a cabo as accións que, en 2005, a Organización Mundial da Saúde baixo a Comisión sobre Determinantes Sociais da Saúde puxo en marcha para loitar polo espírito da xustiza social. Como principio de acción traballárase para conseguir “mellorar as condicións de vida, é dicir, as circunstancias en que a poboación nace, crece, vive, traballa e envellece”<sup>33</sup> e que se fomenten medidas para “reducir a exposición a riscos físicos e psicosociais, aumentar as oportunidades de gozar de saúde e benestar”<sup>33</sup>, “mellorar as condicións de todos os traballadores para que estean menos expostos a riscos físicos, estrés laboral e condutas prexudiciais para a saúde”<sup>33</sup>. Por tanto, este proxecto reivindica que se loite por estas medidas xa que o emprego e as condicións do traballo teñen efectos importantes non só para as/os mariscadoras/es senón para a sociedade en xeral xa que proporciona seguridade financeira, posición social, desenvolvemento persoal, relacións sociais e protéxenos contra riscos físicos e psicosociais <sup>33</sup>. En consecuencia “ o traballo é o ámbito onde moitos aspectos importantes que afectan á saúde exercen a súa influencia”<sup>33</sup>.

En conclusión, e tendo en conta toda a argumentación citada xustifícase a necesidade de coñecer a percepción das/os mariscadoras/es a pé sobre o desempeño da súa ocupación laboral onde a través do relato dos propios traballadores se aproxima ao fenómeno desta actividade,

onde se poidan identificar as necesidades e fortalezas para así fomentar futuras liñas de investigación que teñan como obxectivo crear programas na mellora do benestar deste colectivo. Á súa vez, o papel do terapeuta ocupacional xustifícase en que un dos obxectivos fundamentais desta profesión é que a través dunha participación saudable nas ocupacións, neste caso nunha ocupación laboral, se promova a saúde e o benestar <sup>34</sup>.

## 2. Bibliografía

1. Fernández Domínguez I, López Pérez MA. O mar de Galicia sustenta gran parte da economía pesqueira. *Ambientalmente sustentable*. 2011; 1(11-12): 157-168.
2. García Negro MC, Doldán García XR, Chas Amil ML, Zotes Tarrío YN, Carballo Penela A, Villasante CS. Importancia económica del sector pesquero gallego: análisis de las tablas input output pesca-conserva gallega.[monografía en internet]. Oviedo. I Jornadas de Análisis input output; 2005 [acceso 1 de marzo de 2014]. Disponible en: [http://www.shaio.es/jornadas/1jeaio/PAP\\_IOJ1\\_usc\\_doldan\\_etal.pdf](http://www.shaio.es/jornadas/1jeaio/PAP_IOJ1_usc_doldan_etal.pdf)
3. IGE [sede Web]. Santiago de Compostela: Instituto Galego de Estatística; 2013 [actualizado 12 de marzo do 2014; acceso 7 de maio do 2014]. Permisos do marisqueo a pé por sexo e idade; [3 pantallas]. Disponible en: <http://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=3739&paxina=001&c=0301004>
4. Pesca de Galicia [sede Web]. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia; 2013 [actualizado 21 de novembro do 2013; acceso 14 de marzo do 2014]. Permiso marisqueo; [1 pantalla]. Disponible en: <http://www.pescadegalicia.com/>
5. IGE [sede Web]. Santiago de Compostela: Instituto Galego de Estatística; 2013 [actualizado 24 de febreiro do 2014; acceso 17 de marzo do 2014]. Permiso do marisqueo a pé por idade; [3 pantallas]. Disponible en: <http://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=5358&paxina=001&c=0301004>



6. Consello Económico e Social de Galicia [sitio Web]. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia; 2001 [actualizado 16 de xuño do 2014; 17 de xuño do 2014]. A situación e perspectivas do marisqueo a pé en Galicia; [2 pantallas]. Disponible en: <http://www.ces-galicia.org/publicacions/informes/situaci%C3%B3n-e-perspectivas-do-marisqueo-p%C3%A9-en-galicia>
7. García Negro MC, Zotes Tarrío YN. O traballo das mulleres no sector pesqueiro galego: análise dos problemas relacionados co seu tratamento estatístico. Rev. Galega de Economía. 2006; 15(1): 101-124.
8. Frangoudes K. Las mujeres en la pesca: una perspectiva europea [monografía en internet]. Comisión de Pesca del Parlamento Europeo; 2013 [acceso 15 de marzo do 2014]. Disponible en: [http://www.europarl.europa.eu/RegData/etudes/note/join/2013/513965/IPOL-JOIN\\_NT\(2013\)513965\\_ES.pdf](http://www.europarl.europa.eu/RegData/etudes/note/join/2013/513965/IPOL-JOIN_NT(2013)513965_ES.pdf)
9. Santasmarinas Raposo P. ¿Ten futuro o marisqueo?. Rev. Galega de Economía. 2006; 15(1): 245-250.
10. Mahou Lago XM. Implementación y gobernanza: la política de marisqueo en Galicia [monografía en internet]. Santiago de Compostela: Escola Galega de Administración Pública; 2008 [acceso 20 de marzo do 2014]. Disponible en: [http://egap.xunta.es/Documentos/Publicacions/\[1275644264\]marisqueo\\_public68.pdf](http://egap.xunta.es/Documentos/Publicacions/[1275644264]marisqueo_public68.pdf)
11. Carril Vázquez XM. Aspecto xurídico-laborais e de seguridade social do traballo da muller no mar. Anuario da Facultade de Dereito (A Coruña). 2004; 8: 223-232.
12. Normativa vigente sobre el permiso de explotación para exercer la actividad pesquera y marisquera. Decreto 48/2013 de 7 de marzo. Boletín Oficial del Estado. nº 57, (21-03-2013).

13. Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral. Estudio epidemiológico en el marisqueo a pie. España: Xunta de Galicia; 2012.
14. Gil García M, Alemany Mut S, Nácher Fernández B, Navarro García J, Díaz Pineda J, González García JC et al. Nueva ropa de trabajo para las mariscadoras. Rev. Biomec (España); 57: 31-33.
15. Terapia ocupacional sin Fronteras. Aprendiendo del espíritu de supervivientes. 1ª ed. Madrid: Panamericana; 2006. p 404-413.
16. Oficina Internacional del Trabajo, Organización de las Naciones Unidas para la Educación, la Ciencia y la Cultura, Organización Mundial de la Salud, International Disability and Development Consortium. Rehabilitación Basada en la Comunidad: Guía RBC.2012.
17. Enciclopedia de la salud [sede Web]. Barcelona; 2013 [actualizado 30 de outubro do 2010; acceso 16 de abril do 2014].Definiciones. Disponible en: <http://www.encyclopediasalud.com/definiciones/bienestar>
18. Wilcock A. An Occupational Perspective of health. Thorofare, NJ: Slack; 1998.
19. Clark FA, Parham D, Carlson ME, Frank G, Jackson J, Pierce D et al. Occupational Science: Academic Innovation in the service of occupational therapy's future. Am J Occup Ther. 1991; 45 (4): 300-310.
20. Kielhofner G. Modelo canadiense del desempeño ocupacional. Fundamentos conceptuales de la Terapia ocupacional. 3ª ed. Buenos Aires: Médica Panamericana; 2006. p 94-109.
21. Simó Algado S, Urbanowski R. El Modelo Canadiense del Desempeño Ocupacional I. TOG (A Coruña). [Revista en Internet]. 2006. [consultado el 25 de marzo 2014]; 3(3): [27p]. Disponible en: <http://www.revistatog.com/num3/expertol.htm>.

22. Rodríguez Romero B. Estudio observacional de prevalencia sobre calidad de vida y patología músculoesquelética en mariscadores/as a pie de la Comunidad Autónoma de Galicia. [tesis doctoral]. A Coruña. 2011.
23. Rodríguez Romero B, Pita Fernández S, Pertega Díaz S, Chouza Insua M. Calidad de vida relacionada con la salud en trabajadoras del sector pesquero usando el cuestionario SF-36. Gac Sanit. 2013; 27(5): 418-424.
24. Fundación OESA [sede Web]. Madrid: Ministerio de agricultura, alimentación y medio ambiente; 2006 [15 de marzo do 2014]. Mariscadoras gallegas: una aproximación a su situación actual, retos y oportunidades; [4 pantallas]. Disponible en: <http://www.fundacionoesa.es/publicaciones/mariscadoras-gallegas-una-aproximacion-a-su-situacion-actual-retos-y-oportunidades>
25. Lopez Pena PG, Martins V, Franco Rego R. Por uma política para a saúde do trabalhador não assalariado: o caso dos pescadores artesanais e das marisqueiras. Rev. bras. saúde ocup. 2013; 38(127): 57-68.
26. Marcia Ferreira MR, Ubirajara Aluizio OM. A saúde e os ricos dos pescadores e catadores de caranguejo da Baía de Guanabara. Ciênc. saúde colet. 2010; 15(1): 1543-1552.
27. Bavinck M. Job satisfaction in the shrimp trawl Fisheries of Chennai, India. Soc Indic Res. 2012; 109(1): 53-56.
28. Monnereau I, Pollnac R. Which Fishers are Satisfied in the Caribbean? A Comparative Analysis of Job Satisfaction Among Caribbean Lobster Fishers. Soc Indic Res. 2012; 109(1): 95-118.
29. Prosenewicz I, Gazi Lippi U. Acesso aos serviços de saúde, condições de saúde e exposição aos fatores de risco: percepção dos pescadores ribeirinhos do Rio Machado de Ji-Paraná, RO. Saude soc. 2012; 21(1): 219-231.

30. Tupinambá Freitas S, Zaitune Pamplin PA, Legat J, Dos Santos Fogaça FH, Melo de Barros RF. Conhecimento tradicional das marisqueiras de Barra Grande, área de proteção ambiental do delta do Rio Parnaíba, Piauí, Brasil. *Ambient. soc.* 2012; 15(2): 91-112.
31. Lopes Pena PG, Soares de Freitas MC, Cardim A. Trabalho artesanal, cadencias infernais e e lesões por esforços repetitivos: estudo de caso em uma comunidade de mariscadeiras na Ilha de Maré, Bahia. *Ciênc. saúde coletiva* .2011; 16(8): 3383-3392.
32. Organización Mundial de la Salud. Carta de Ottawa para la promoción de la salud. Ginebra: OMS; 1986.
33. Organización Mundial de la Salud. Determinantes sociales de la salud: Subsanan las desigualdades en una generación. Ginebra: OMS; 2003.
34. World Federation of Occupational Therapists [sede web]. Australia: World Federation of Occupational Therapists (WFOT); 2014 [acceso 5 de julio do 2014]. About Occupational Therapy; [1 pantalla]. Disponible en: <http://www.wfot.org/AboutUs/AboutOccupationalTherapy/DefinitionofOccupationalTherapy.aspx>
35. Hernández Sampieri R, Fernández Collado C, Baptista Lucio P. Metodología de la investigación. 5ª ed. México: Mcgraw-Hill; 2010.
36. Arantzamendi M, López Discastillo O, Vivar C. Investigación cualitativa: manual para principiantes. 1ª ed. Navarra: Eunate; 2012.
37. IGE [sede Web]. Santiago de Compostela: Instituto Galego de Estatística; 2013 [actualizado 24 de febreiro do 2014; acceso 4 de junio do 2014]. Permiso do marisqueo a pé por sexo e confrarías ou agrupación de mariscadores; [3 pantallas]. Disponible en: <http://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=5356&paxina=001&c=0301004>

38. Noreña AL, Alcaraz Moreno N, Guillermo Rojas J, Rebolledo Malpica D. Aplicabilidad de los criterios de rigor y éticos en la investigación cualitativa. *Aquichan*. 2012; 12(3): 263-274.
39. Declaración de Helsinki. Asociación Médica Mundial. Hong Kong, 1989.
40. Consejo de Europa. Convenio para la protección de los Derechos Humanos y la dignidad del ser humano con respecto a las aplicaciones de la Biología y la Medicina. Consejo relativo a los derechos humanos y la biomedicina. Oviedo, 1997.
41. Amor Otero M, Arias Santos I, Cruz del Río J, Des Diz JJ, García Mayor R, Gómez Besteiro I et al. Normas de boa práctica en investigación en seres humanos. Guía para o investigador. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia; 2007.
42. Protección de Datos de Carácter Persoal. Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro. *Boletín Oficial del Estado*, n.º 298, (14-12-1999).

### 3. Premisa do estudo e obxectivos

Tendo en conta que partimos dun enfoque cualitativo fundamentámonos baixo o suposto de que diversos factores arredor do marisqueo a pé poden estar afectando ao benestar das/os mariscadoras/es da Ría de Muros e Noia.

Apoiándonos nesta proxección establécese como obxectivo xeral explorar a percepción das/os mariscadoras/es a pé sobre a súa ocupación laboral en relación co seu benestar.

Como obxectivos específicos:

- Realizar unha aproximación ao fenómeno desta actividade artesá desde a realidade dos seus actores.
- Examinar o significado que constrúen as/os mariscadoras/es respecto ao seu traballo.
- Identificar os compoñentes ambientais (dimensións institucionais, físicas, sociais e culturais ) que interfiren no seu desempeño.
- Analizar as fortalezas, necesidades e recursos de que dispoñen as/os traballadoras/es do mar.

## **4. Metodoloxía**

### **4.1. Tipo de estudo**

A investigación acométese desde un enfoque cualitativo, debido á necesidade de comprender o fenómeno desde a perspectiva das persoas, nun ambiente natural e en relación co contexto<sup>35</sup>.

O deseño no cal se enmarca é o fenomenolóxico, xa que se fundamenta nos principios característicos deste, tales como, “describir e entender os fenómenos desde o punto de vista de cada participante e desde a perspectiva construída colectivamente”<sup>35</sup>, “onde a experiencia subxectiva é a base do coñecemento”<sup>36</sup>. A elección da fenomenoloxía como deseño da investigación xorde pola necesidade de coñecer a percepción das/os mariscadoras/es sobre o marisqueo a pé en relación co seu benestar para así establecer conclusións que se poidan extrapolar á práctica.

Trátase dun tipo de estudo descritivo, que se centra na recollida de datos para describir un fenómeno tal e como é.

### **4.2. Ámbito de estudo**

O estudo realizarase ás/aos mariscadoras/es pertencentes á confraría de Noia. Os membros pertencentes a esta agrupación traballan na Ría de Muros e Noia, concretamente nos bancos marisqueiros de Misela, Broña e San Cosme, onde se asentan importantes bancos marisqueiros de berberecho e ameixa.

A ría de Muros e Noia forma parte das rías Baixas, situada na provincia da Coruña, e delimita coa ría de Corcubión ao norte e a ría de Arousa ao sur.

Na actualidade, como amosan os datos obtidos da concesión de permisos da confraría de Noia, expedíronse 382 permisos dos cales 13 corresponden a homes<sup>37</sup>.

### 4.3. Procura bibliográfica

A procura bibliográfica realizada entre os meses de marzo e abril dividiuse en dúas fases. Na primeira fase levouse a cabo unha procura en diferentes bases de datos:

- Pubmed
- Dialnet
- Scielo

A estratexia de procura baseouse nos seguintes descritores: “occupational therapy”, “work”, “employment”, “fisheries”, “terapia ocupacional”, “trabajo”, “empleo”, “marisqueo”, “marisqueo a pé”, “mariscadoras/es”, “pescadores”. Para relacionar os termos empregáronse os operadores booleano “AND/y” e “OR”.

Na base de datos de pubmed utilizouse a procura de termos “MeSH” para concretar as súas definicións. A procura limitouse ao período comprendido entre 2010 e a actualidade.

A segunda fase consistiu nunha procura libre en revistas electrónicas, catálogo da biblioteca da Universidade da Coruña , portais de internet e no buscador de google académico. Tamén se consultou en libros de referencia na materia.

En total, escolléronse 12 artigos de todas as consultas realizadas nas bases de datos e buscadores (apéndice I).



#### 4.4. Perfil de informantes

A selección da mostra realizarase mediante unha mostraxe teórica intencionada<sup>35</sup>, usando como estratexia por bóla de neve ou en cadea que consiste en “identificar casos de interese por medio de persoas que saben cales casos teñen información rica”<sup>36</sup>. No presente estudo contarase como primeiros facilitadores a confraría de Noia e a presidenta das/os mariscadoras/es a pé, os cales nos proporcionaran a lista daquelas persoas que aporten unha maior información.

Á hora de seleccionar a poboación participante terase en conta o seguinte perfil de informantes (véxase a táboa I).

##### Táboa I. Perfil de informantes

---

Mariscadoras/es en posesión do permiso de explotación para exercer a actividade marisqueira.

Mariscadoras/es que, como mínimo, leven 14 anos tendo como única fonte de ingresos o marisqueo a pé.

Mariscadoras/es pertencentes á confraría de Noia.

Mariscadoras/es que desempeñen o marisqueo a pé nos lombos areosos de Misela.

- 
- Criterios de exclusión: Mariscadoras/es que desempeñen outra actividade profesional, con retribución económica, ademais do marisqueo a pé.

A previsión inicial do tamaño da mostra estará comprendida entre 10-15 participantes, a elección deste número xustifícase tendo en conta

as características do deseño fenomenolóxico<sup>36</sup>. Non obstante, o número da mostra irase ampliando coa intención de alcanzar a saturación teórica.

#### **4.5. Entrada ao campo**

Antes de acceder ao campo, realizarase un contacto persoal coa confraría para lles comunicar a intención de levar a cabo o proxecto e á súa vez solicitarlles a súa colaboración.

Unha vez establecido este enlace accederemos ao banco marisqueiro de Misela durante a xornada laboral das/os mariscadoras/es. Na praia de Misela establecerase un primeiro contacto coa presidenta das mariscadoras, cuxo nome será proporcionado pola confraría. A presidenta das/os mariscadoras/es será a persoa que permitirá identificar aquelas persoas que respondan ao perfil de informante.

Cando se teñan as posibles persoas participantes entregaráselles o documento informativo onde se lles explica o contido e obxectivo do estudo (apéndice II). Aquelas persoas que acepten participar voluntariamente, deberán autorizar o consentimento informado (apéndice III) para poder comezar a recollida dos datos.

#### **4.6. Recollida dos datos**

A recollida de información realizarase a través de entrevistas semiestruturadas individuais, esta técnica conversacional permite obter información sobre o que senten e pensan as persoas sobre as súas experiencias<sup>35</sup>. A entrevista como método de recollida de datos, permite unha conversación directa coas persoas participantes dando a opción de afondar nas experiencias e o sentido que os participantes constrúen.

Elaborarase previamente un guiión centrado nos temas de interese, inicialmente comezarase con preguntas xerais e abertas e as seguintes serán xa máis concretas e específicas (apéndice IV).

As entrevistas levaranse a cabo no lugar de traballo das/os mariscadoras/es, sempre que as condicións ambientais o permitan; de non ser posible realizaranse na lonxa durante a espera do pesado das especies recollidas. As anteditas entrevistas serán gravadas e posteriormente transcritas para facilitar a análise e interpretación dos datos obtidos.

A investigación completárase cun diario reflexivo, onde se anotará a información sobre o contexto e o que ocorra durante a realización das entrevistas, así como reflexións da investigadora.

#### **4.7. Plan de análise**

A investigadora levará a cabo a selección e interpretación dos datos mediante unha análise das percepcións, pensamentos e experiencias, para así chegar a poder responder a pregunta de investigación. Polo tanto, non se buscará unha constatación empírica, senón analizar o discurso dos participantes mediante un enfoque indutivo e construtivo, partindo do xeral ao particular ,onde a medida que se recollen os datos se van xerando categorías das que van emerxendo interpretacións por parte da investigadora.

#### **4.8. Rigor metodolóxico**

Para garantir a calidade da investigación levarase a cabo unha avaliación do rigor metodolóxico<sup>38</sup>. Os criterios empregados para avaliar a dita calidade científica serán:

- Credibilidade ou valor da verdade: para asegurar que os resultados de investigación reflicten a realidade dos participantes, levarase a cabo unha transcripción textual das entrevistas e manteranse as notas de campo.
- Confirmabilidade ou reflexividade: para garantir a neutralidade do investigador á hora de analizar e interpretar os datos, empregárase

a triangulación, onde se compararán diferentes puntos de vista, o da investigadora e avaliadores externos, para así garantir que os resultados non estean influenciados polos intereses, motivacións e perspectivas da investigadora.

- Transferibilidade ou aplicabilidade: para posibilitar que os resultados do estudo se apliquen a outros contexto, detallarase o proceso de investigación así como o ámbito de estudo e a mostra.
- Consistencia ou dependencia: para evitar a menor inestabilidade posible, de tal forma que un segundo investigador poida replicar o estudo, e en caso de realizalo nun mesmo contexto, os resultados serán similares e nunca contraditorios.

#### **4.9. Aplicabilidade**

A través deste estudo preténdese coñecer a situación actual da comunidade de mariscadoras/es a pé da Ría de Muros e Noia, onde se identifiquen as necesidades e os recursos de que dispoñen. Así a súa aplicabilidade reside en proporcionar información esencial para dar visibilidade social ao fenómeno do marisqueo a pé para que sexa obxecto de cambios que vaian dirixidos a mellorar o benestar desta comunidade de profesionais. Á súa vez, as necesidades atopadas, arredor desta actividade artesá, poderán abrir novas liñas de investigación onde se deseñen accións e programas que vaian en beneficio destas persoas.

#### **4.10. Limitacións do estudo**

Unha das limitacións que se atopa, é realizar o estudo nunha única confraría de mariscadoras/es xa que as características organizativas e laborais varían dunhas a outras. Ante esta situación en futuras liñas de investigación ampliarase a outras confrarías pertencentes á comunidade galega.

Ademais o emprego do enfoque cualitativo presenta limitacións para universalizar as conclusións obtidas á totalidade da poboación. Con

todo, achega unha visión única das vivencias e experiencias das/os mariscadoras/es en interacción co medio e en relación co fenómeno estudado.

## **5. Aspectos éticos**

Para asegurar os aspectos éticos nesta investigación, respectarase as normas éticas e legais aplicables, entre elas a Declaración de Helsinki<sup>39</sup>, o Convenio de Oviedo<sup>40</sup> e a Guía das Normas da Boa Práctica en Investigación en Seres Humanos<sup>41</sup>.

Ademais, para poder levar a cabo o traballo, será imprescindible que os participantes lean a folla de información ao participante (apéndice II), na cal, ademais de proporcionar información sobre o estudo, serán informados sobre os seus dereitos, entre eles o respecto á confidencialidade do participante amparada baixo a Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal<sup>42</sup>. Como estratexia empregada para garantir o anonimato dos datos asignaráselle a cada participante un código de identificación.

Así mesmo, será obrigatorio que os participantes asinen o consentimento informado (apéndice III).

## 6. Plan de traballo

O estudo abarcará un período de catorce meses, desde setembro de 2014 ata outubro do 2015. O plan de traballo amósase na seguinte táboa (véxase táboa II).

**Táboa II. Plan de traballo da investigación**

	Setembro Outubro 2014	Novembro Decembro 2014	Xaneiro Febreiro 2015	Marzo Abril 2015	Maio Xuño 2015	Xullo Agosto 2015	Setembro Outubro 2015
Procura bibliográfica							
Selección de informantes							
Recollida de datos							
Análise dos datos							
Elaboración informe final							
Difusión dos resultados							

## 7. Plan de difusión dos resultados

Os resultados obtidos difundiranse nos seguintes medios:

### Revistas:

- American Journal of Occupational Therapy. Factor de impacto 2012: JCR 1.471
- Canadian Journal of Occupational Therapy. Factor de impacto ano 2012: SJR 0.688
- Scandinavian Journal of Occupational Therapy .Factor de impacto ano 2012: SJR 0.48
- British Journal of Occupational Therapy. Factor de impacto 2012: JCR 1.096
- Australian Occupational Therapy Journal. Factor de impacto 2012: JCR 0.723
- Revista de Terapia Ocupacional Galicia (TOG)

### Congresos:

- Congreso Anual da Sociedade Española de Saúde Laboral
- Congreso Anual da Rede Española de Mulleres no Sector Pesqueiro
- Congreso Anual de Terapia Ocupacional (CENTO)
- IX Congreso Arxentino de Terapia Ocupacional, do 9 ao 12 de setembro de 2015
- Primeiro congreso conxunto de COTEC & ENOTHE 2016 (Consello de Terapeutas Ocupacionais de Países Europeos e Rede Europea de Terapia Ocupacional en Educación Superior), Universidade Nacional de Irlanda, Irlanda 15-19 xuño 2016

### Comunidade:

- Campañas informativas en confrarías, Asociación de Mariscadoras/es, Casa do Mar

## 8. Financiamento da investigación

### 8.1. Recursos necesarios

Para realizar este proxecto serán necesarios recursos humanos, materiais e espaciais.

- Recursos humanos: por un período de catorce meses contarase cunha terapeuta ocupacional, investigadora principal, que será a encargada das tarefas de procura bibliográfica, selección de informantes, recollida de datos, análise de datos, elaboración do informe final e difusión dos resultados.

Ademais, contarase coa colaboración das directoras do proxecto para o asesoramento en materia teórica e metodolóxica.

- Recursos materiais: divídense en material inventariable (gravadora, ordenador e impresora) e material funxible (material de oficina, caderno, cartuchos de tinta,...)
- Recursos espaciais: disporase das infraestruturas da Universidade da Coruña, tendo así acceso á base de datos e fondos bibliográficos.

Por outro lado, teranse en consideración os desprazamentos necesarios para recoller os datos, así como as viaxes e as axudas de custo para a difusión dos resultados.

Na seguinte táboa (véxase táboa III) preséntase o orzamento estimado da investigación.



**Táboa III. Estimación do orzamento da investigación**

Recursos	Unidade	Prezo por unidade	Total €
<b>Humanos</b>			
Terapeuta ocupacional (investigador)	1	0	0
<b>Materiais</b>			
<b>Inventariable</b>			
Gravadora dixital	1	47,99	47,99
Ordenador portátil	1	499,00	499,00
Impresora	1	67,99	67,99
<b>Funxible</b>			
Material de oficina	1	250,00	250,00
Papel	5000	0,0125	62,50
Fotocopias	2000	0,03	60,00
Cartuchos de tinta	20	2,1175	42,35
<b>Espaciais</b>			
Universidade da Coruña	1	0	0
<b>Desprazamentos</b>			
Vehículo persoal	1	0	0
Gasto combustible (km/h)	-	-	513,72
<b>Viaxes e axudas de custo</b>			
Inscricións	267,67	5	1070,68
Desprazamento	-	-	3665,25
Aloxamento	18	-	1002,56
Axudas de custo	54	10	540,00
<b>Total final do orzamento</b>			<b>7575,99€</b>

## 8.2. Posibles fontes de investigación

O financiamento do estudo dependerá de organismos públicos e privados, os cales serán seleccionados baseándose nas características e liñas de investigación do proxecto.

Financiamento público:

- Convocatoria anual de bolsas de investigación Anual da Deputación da Coruña
- Convocatoria de axudas á investigación da Universidade da Coruña.

Financiamento privado:

- Fundación Mapfre: “Instituto de prevención, saúde e medio ambiente, axudas á investigación Ignacio H. de Larramendi”

## Apéndices

### Apéndice I. Procura bibliográfica

Base de datos	Estratexia de procura	Resultados	Artigos seleccionados
Pubmed	“occupational therapy”OR “ergotherapy”[tiab]AND “work”OR “employment”[tiab] AND “fisheries” [tiab]	8	2
Dialnet	“empleo” y “terapia ocupacional” “marisqueo”	9 17	0 2
	“marisqueo a pé”	1	1
	“mariscadoras/es”	79	1
Scielo	“mariscadoras/es” “pescadores”	1 138	1 5

Apéndice II. Folla de información ao participante

### **Folla de información para o posible participante do estudo**

**Título do estudo:** Estudo fenomenolóxico na vivencia dunha ocupación: o marisqueo a pé

**Investigadora:** Rebeca Ventoso González con DNI 52939786L, estudante de 4.º grao de Terapia Ocupacional na Universidade da Coruña. Actualmente desenvolvendo o proxecto de fin de grao Estudo fenomenolóxico na vivencia dunha ocupación: o marisqueo a pé.

**Introdución:** este documento ten como obxecto proporcionarlle información sobre un estudo de investigación en que está invitado/a a participar.

Lea con atención esta folla para avaliar e xulgar se desexa ou non participar. No caso de ter algunha dúbida convídasele a formular as preguntas precisas para comprender os detalles sobre este.

A súa participación é voluntaria e pode cambiar de decisión e retirar o consentimento informado en calquera momento, sen obriga de dar explicacións.

**Obxectivo do estudo:** o obxectivo é explorar a percepción das/os mariscadoras/es a pé sobre a ocupación do marisqueo en relación co seu benestar.

A súa importancia reside en obter información sobre as principais necesidades detectadas e así que se poidan abrir novos camiños onde se deseñen accións que favorezan o benestar destas/es traballadoras/es do mar.

**A súa participación:** para poder cumprir co obxectivo do estudo, realizaráselle unha entrevista que será gravada.

A súa participación terá unha duración total estimada de 60 minutos.

**Beneficios e riscos derivados do estudo:** este estudo non presenta retribucións económicas, nin para vostede nin para a investigadora. Tan só pretende proporcionar un maior coñecemento do seu posto de traballo, información que poderá ser de utilidade nun futuro para outras persoas, por tanto, a súa participación non supón ningún tipo de risco, molestia ou prexuízo.

**Publicación:** os resultados serán remitidos a publicacións científicas para a súa difusión, pero non se transmitirá ningún dato que poida levar á identificación dos participantes.

Se vostede o desexa, facilitaráselle un resumo dos resultados deste.

**Confidencial:** os seus datos están protexidos polo disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e na súa regulación de desenvolvemento. De acordo co que establece a lexislación mencionada, vostede pode exercer os dereitos de acceso, modificación, oposición e cancelación dos datos, en calquera momento que así o desexe.

Os datos persoais recollidos serán dissociados, de tal maneira que se romperá todo vínculo que poida identificalo e non poderá ser identificado/a nin sequera polo equipo investigador.

**Grazas pola vosa colaboración**

Apéndice III. Documento de consentimento informado para a participación nun estudo de investigación

**Documento de consentimento informado para participar nun estudo de investigación**

**Título do estudo: Estudo fenomenolóxico na vivencia dunha ocupación: o marisqueo a pé**

Eu, [Nome e Apelidos], confirmo que:

- Lin a folla de información do participante que se me entregou, puiden conversar con Rebeca Ventoso González e facer todas as preguntas necesarias sobre o estudo.
- Recibín a suficiente información escrita e verbal sobre o estudo.
- Comprendo que a miña participación é voluntaria e que me podo retirarme en calquera momento.

Dou así libremente a miña conformidade para participar no estudo e dou consentimento para a utilización dos meus datos nas condicións detalladas na folla de información.

Data \_ de \_ 20 1 \_

A/o participante

A investigadora

Asdo:

Asdo

## Apéndice IV. Guía entrevista

Código:    Idade:

Data:    Lugar:

- Como é vivir sendo mariscador/a?
- Como se sente traballando nesta profesión? E respecto ás condicións ambientais arredor desta actividade laboral? (organizativas, físicas, sociais).
- Nos anos que leva desempeñando esta ocupación, que é o que a/o fai sentir ben?
- Como estas vivencias relatadas repercuten no seu benestar?
- Que vivencias ou situacións do seu traballo lle producen maior frustración? De que modo afectan ao seu estado persoal?
- Como incide desempeñar esta actividade artesá na súa saúde?
- Como inflúe a súa ocupación laboral no resto de ocupacións?
- Como repercutiron en vostede os cambios acontecidos nos últimos anos arredor do marisqueo a pé?
- Que supoñen na súa vida afectiva e profesional as/os compañeiras/os de traballo?
- De que maneira o desempeño desta profesión incide na súa vida familiar?